

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 01/12/2022**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 01/12/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, ordinaria de 27 de outubro e extraordinaria e de honra de 19 de novembro de 2022.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes outubro de 2022.

3. Toma de coñecemento das subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Pontevedra

4. Toma de coñecemento do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25N – Día Internacional contra as Violencias Machistas.

5. Aprobación, se procede, da adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Rede Española de Cidades Saudables.

6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en defensa da flota pesqueira galega fronte ao novo Regulamento imposto pola Comisión Europea

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para melloras no transporte escolar no Concello de Vilagarcía de Arousa.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á situación laboral das traballadoras do SAF de Vilagarcía de Arousa e o seu apoio á folga convocada desde inicios de novembro

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para o fomento e desenvolvemento de patios escolares inclusivos e coeducativos.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para o arranxo da Rúa Souto de Arriba en Castroagudín.

12. Comparecencia, a petición propia, do Concelleiro Delegado de Educación, D. Argimiro Serén Mera, sobre o transporte escolar ao IES Armando Cotarelo Valledor.

13. Comparecencia, por petición do grupo político municipal do PP, de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo, sobre os problemas producidos na rede de saneamento, durante a execución da obra “Humanización da Rúa Arcebispo Lago”.

14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

16. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, ORDINARIA DE 27 DE OUTUBRO E EXTRAORDINARIA E DE HONRA DE 19 DE NOVEMBRO DE 2022.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21), as actas das sesións anteriores, ordinaria de 27 de outubro e extraordinaria e de honra de 19 de novembro de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE OUTUBRO DE 2022: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal
- 1 Aprobación Conta Xeral do Concello e da FPSDM.
- 2 Transferencia de crédito
- 2 Modificación de crédito
- 6 Alta/renovación licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Autorización realización festas ao aire libre
- 1 Aboamento servizos prestados en noites, festivos e domingos
- 4 Nomeamento funcionario/a interino/a por substitución
- 1 Delegación funcións da Alcaldía
- 2 Substitución posto de categoría superior
- 1 Expte. Informativo a Traballador Municipal
- 2 Pagamento Plan de Pensións
- 6 Recurso contencioso administrativo
- 3 Aprobación pregos de licitación
- 1 Estimación fraccionamento
- 1 Estimación ICIO
- 3 Desestimación IVTM
- 22 Estimación/desestimación taxas e prezos públicos
- 6 Estimación recibos
- 4 Estimación compensación de débedas
- 1 Estimación Pagos Duplicados
- 5 Estimación IBI
- 2 Estimación bonificación IBI
- 10 Estimación liquidacións e baixas
- 5 Estimación rateo no IVTM
- 5 Estimación/desestimación IIVTNU
- 14 Estimación/desestimación beneficios fiscais no IVTM
- 2 Comisións bancarias
- 3 Préstamo bancario
- 5 Pago expedientes intervención
- 4 Pago expedientes Tesourería
- 2 Corrección erro resolución cambio titularidade actividade

3 Cambio de titularidade de actividade
 16 Deber de conservación
 5 Incumprimento Bares
 2 Reposición da legalidade urbanística
 16 Requirimento terrazas
 12 Resolución terrazas
 1 Cambio de titularidade licenza de obra
 1 Recurso de reposición contra resolución Xerencia Urbanismo
 1 Arquivo de expediente de legalización
 1 Renuncia a comunicación previa
 2 Concesión de prórroga solicitada
 3 Declaración ineficacia comunicación previa
 13 Licenza de primeira ocupación e/ou conexión de auga e/ou saneamento
 2 Desestímulo expediente obras
 6 Licenza de obra maior
 3 Legalización de obras
 1 Segregación a efectos de cesión
 5 Licenza de obra menor
 51 Comunicación previa
 1 Aceptación terreos de cesión obrigatoria

TOTAL: 273

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data de 1 de decembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da relación de investimentos solicitados ao Plan Provincial de obras e Servizos, así como dos importes concedidos.

Denominación	Liña	Importe concedido	Subvención solicitada á Deputación Provincial	Achéga do Concello Vilagarcía	Data de Concesión da Subvención
Gastos derivados da celebración do V Festival Internacional de Música ClasClas 2022	LIÑA 2 /POS 2022/2023	30.000 €	30.000 €	500 €	04/02/2022
Programa para fomentar a igualdade de xénero:	LIÑA 2 /POS 2022/2023	10.500,00 €	10.500,00 €	1.500,00 €	18/03/2022
Gastos limpeza da Escola Municipal de Música de Vilagarcía de Arousa	LIÑA 2/ POS 2022/2023	9.500,00 €	9.500,00 €	500,00 €	07/02/2022
Proxecto EMPATIZA	LIÑA 2/POS 2022/2023	5.000,00 €	5.000,00 €	3.808,80	06/10/2022
Proxecto TEATRO FORO	LIÑA 2/POS 2022/2023	5.000,00 €	5.000,00 €	1.630,80	10/10/2022
Proxecto ESTIMULACIÓN COGNITIVA E SICOMOTRIZ	LIÑA 2/POS 2022/2023	8.181,00 €	8.181,00 €	2.763,00	10/10/2022
Emprego para conservación e funcionamento de Bens e Servizos Municipais	LIÑA 3/POS 2022/2023	309.224,41 €	309.224,41 €	40.411,55 €	04/02/2022

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=3>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 25N - DIA INTERNACIONAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 1 de decembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER – 25 N

Estamos aquí, un ano máis, este 25 de novembro “Día Internacional contra as Violencias Machistas”, para reivindicar dende o Consello Local da Muller o noso profundo rexeitamento contra as violencias machistas nas súas múltiples expresións. Vilagarcía quere berrar ben alto que xa basta das múltiples agresións que recibimos polo feito de ser mulleres.

Na punta máis alta do iceberg que é a violencia de xénero está o asasinato, a expresión máis visible que sigue a ser a maior lacra da nosa sociedade e que fai que día tras día sigamos vendo noticias de mulleres que son asasinadas polas súas parellas o exparellas, pero máis aló hai moitísimas violencias que sufrimos a diario e que son a base do resto de violencias. Acoso, agresións físicas e verbais, unha fenda salarial que xunto co teito de cristal e o chan pegañento nos segue a exercer violencia económica sobre as nosas vidas, a invisibilización de referentes, a manipulación dos medios de comunicación e un longo etcétera.

Unha das violencias normalizadas no noso día a día e que sofren as mulleres, facendo maior incidencia na mocidade, é a violencia estética. A violencia estética é a presión social por acadar un canon de beleza tendo isto un impacto negativo na nosa saúde física e mental.

Nunha sociedade na que as exixencias cara o noso corpo son cada vez maiores, na que as redes sociais minan a nosa autoestima con patróns ficticios, querer-se é un acto político. Cantas empresas quebrarían se mañá comezásemos a mirarnos dende o amor e o respecto? Seguimos a ser un negocio para unha industria que alimenta as desigualdades e nútrese dun patriarcado que intenta dominar os nosos corpos.

Vivimos nunha sociedade que normaliza as violencias dende distintos ámbitos, no que o consumo da pornografía mainstream está a amosar ás xeracións máis mozas unha cultura da violación que despois se plasma nas relacións cotiás reproducindo comportamentos violentos e machistas.

Aínda que son moitos os avances en materia de igualdade é certo que levamos notando un retroceso dende anos atrás, unha onda ideolóxica amparada institucionalmente con discursos negacionistas que cuestionan as políticas públicas. Ante esta situación debemos enfocar máis recursos cara a prevención destas violencias. Debemos deixar clara a nosa postura contra un movemento que quere arrincarnos os dereitos que con tanto esforzo conseguimos. Debemos posicionarnos publicamente porque a túa suposta neutralidade é a que nos oprime e non nos deixa desenvolvernos en liberdade.

Gracias a todas as nosas predecesoras que loitaron día a día para que hoxe poidamos estar aquí. Gracias a todo o movemento que día a día sigue a loitar por unha igualdade real e que non permite nin un paso atrás. Gracias a todas as persoas aliadas que non permiten eses comentarios ou chistes sexistas, que se posicionan antes as violencias machistas.

Porque un ano máis non estamos todas, faltan as asasinadas.

Porque xa basta de minutos de silencio, porque queremos visibilizar estas violencias que sufrimos a diario.

Porque non se trata de aceptar as cousas que non podemos cambiar, temos que cambiar as cousas que non podemos aceptar.

Porque a igualdade só será efectiva cando todas as mulleres teñamos todos os dereitos.

Por último, dende o Consello Local da Muller solicitamos á Corporación Municipal que apoie este

Manifesto traballando para facer realidade as propostas que nel se fan a nivel do local e que se sume a participar na súa lectura no acto do vindeiro 25 de novembro ás 12,00h.

A Comisión Informativa queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 1 de decembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ACORDO PLENARIO PARA SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES.

Vistos os fins estatutarios e obxectivos descritos no Título I das normas de organización e funcionamento da Rede Española de Cidades Saudables (RECS), os cales son beneficiosos para o Concello de Vilagarcía de Arousa.

Co obxectivo de que o Concello de Vilagarcía de Arousa poida solicitar e optar a ser beneficiario das axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; cuxas bases reguladoras, no artigo 3, establecen como requisito para ser beneficiario que as Entidades Locais pertencen á Rede Española de Cidades Saudables (RECS)..

A Rede Española de Cidades Saudables persegue a promoción e protección da saúde e o benestar dos cidadáns, en concordancia cos principios de actuación correspondentes ao proxecto “Healthy Cities” da Organización Mundial da Saúde..

A grandes liñas, os obxectivos desta Sección da FEMP céntranse en:

- Asegurar o mantemento dos contactos interinstitucionais para a consolidación das relacións intersectoriais, necesarias no ámbito da promoción e protección da saúde.
- Fomentar a colaboración e a acción conxunta das cidades participantes en materia de promoción e protección da saúde..
- Axudar ás cidades participantes a desenvolver modelos operativos de promoción e protección da saúde na comunidade, que poidan servir como modelos de boa praxe no concernente á promoción e protección da saúde no contexto urbano, en concreto o diagnóstico e os plans de saúde.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobado a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Rede Española de Cidades Saudables e de cumprir os seus fins estatutarios e, en consecuencia, comprométese a:

a.Elaborar unha análise de situación e un plan de saúde para a cidade.

b.Cumprir coas obrigacións e exercer os dereitos establecidos nos artigos 8, 14 e 15 das Normas de Funcionamento e Organización da Rede Española de Cidades Saudables e, especialmente, a de abonar á FEMP a cota de socio titular da Rede que cada ano corresponda a esta Entidade Local, en función do número dos seus habitantes, e que no presente exercicio ascende a 1000 euros

2.Designar como responsable político á concelleira de urbanismo, mobilidade e xestión de fondos europeos, Paola María Mochales; e como responsable técnico ao arquitecto municipal, Xoán Xosé Rodríguez Cuiña; a efectos de interlocutores coa Rede Española de Cidades

Saudables.

3. Que polo Alcalde realícense todos os trámites oportunos para que a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Rede Española de Cidades Saudables sexa efectiva.

O Alcalde,
Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Rede Española de Cidades Saudables.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros presentes no Pleno (21 de 21),

ACÓRDASE:

1. Aprobar a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Rede Española de Cidades Saudables e de cumprir os seus fins estatutarios e, en consecuencia, comprométese a:

a. Elaborar unha análise de situación e un plan de saúde para a cidade.

b. Cumprir coas obrigacións e exercer os dereitos establecidos nos artigos 8, 14 e 15 das Normas de Funcionamento e Organización da Rede Española de Cidades Saudables e, especialmente, a de abonar á FEMP a cota de socio titular da Rede que cada ano corresponda a esta Entidade Local, en función do número dos seus habitantes, e que no presente exercicio ascende a 1000 euros

2. Designar como responsable político á concelleira de urbanismo, mobilidade e xestión de fondos europeos, Paola María Mochales; e como responsable técnico ao arquitecto municipal, Xoán Xosé Rodríguez Cuiña; a efectos de interlocutores coa Rede Española de Cidades Saudables.

3. Que polo Alcalde realícense todos os trámites oportunos para que a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Rede Española de Cidades Saudables sexa efectiva.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=6>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DA FLOTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 1 de decembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 15 de novembro de 2022, do seguinte teor:

MOCIÓN EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA

Xosé Lois Leirós Gude, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

A Comisión Europea vén de impoñer un novo regulamento que se traduce no feche para a pesca nun total de 87 zonas do Atlántico nororiental, o que afecta a unha superficie superior a 16.000 quilómetros cadrados, e que está a provocar consecuencias negativas para os buques equipados con artes de fondo como redes de arrastre de fondo, emalle, ou palangre de fondo, entre outros. Unha medida xa aplicada, que supón a expulsión da frota galega destas zonas, a redución de capturas e previsíbeis conflitos entre artes nas áreas que serán obxecto de maior concentración de buques.

Este regulamento, imposto desde a Comisión Europea (CE) sen un contraste e interlocución efectiva co propio sector, é un novo golpe que se engade ás limitacións de TACs e cotas de pesca, ao impacto derivado do Brexit, ou á aplicación das medidas de conservación e dun regulamento técnico e de control, que viñeron a limitar e dificultar a faena da frota galega.

Estamos diante dun acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, por parciais e desactualizados, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser estorcedoras, e que non pode ser aceptado baixo ningún concepto. As consecuencias desta decisión, que para alén do seu impacto brutal en termos produtivos e de emprego, supón tamén agudizar a cada vez maior dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos, dificultando o acceso ao peixe aos segmentos sociais de menores ingresos.

A efectivización deste regulamento arbitrario e inxusto representa un golpe en toda a regra á nosa frota, afectando a varios centos de barcos galegos e ameazando millares de postos de traballo. Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Descoñécense as actuacións concretas desenvolvidas polo Goberno español e a Xunta de Galiza no marco da rolda de consultas realizada pola CE cos estados membros. Tampouco hai constancia de institucionalmente se tivese formulado unha alternativa perante a proposta de regulamento, finalmente aprobado, que conciliase a protección dos ecosistemas mariños e as biomásas de peixes coa protección dunha actividade pesqueira que é estratéxica para territorios

de alta dependencia da pesca como Galiza.

Por outra banda, segue a ser difícil de entender como Galiza, potencia pesqueira no contexto da UE, non posúe ningún tipo de ferramenta política de representación e decisión no ámbito pesqueiro e científico.

En definitiva, o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea supón unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecemos, como advertiron xa publicamente tanto dende o propio sector como dende organizacións sindicais como a CIG.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar a Xunta de Galiza a:

- a. Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.
- b. Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posibles e que, de acordo co sector, se consideren.
- c. Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.
- d. Defender a presenza directa de Galiza en todos os foros institucionais (políticos, executivos e científicos), a comezar polo vindeiro Consello de Ministros de Pesca da UE que terá lugar no mes de decembro.

2. Instar ao Goberno español a:

- a. Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.
- b. Esixir no inmediato unha moratoria na aplicación do regulamento.
- c. Establecer medidas compensatorias, dialogadas co sector afectado, que en ningún caso impliquen o acceso a programas de despezamento ou exportación de buques a terceiros estados.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en defensa da flota pesqueira galega fronte ao novo Regulamento imposto pola Comisión Europea.

Na Comisión informativa a voceira do Grupo Municipal do PP fai entrega dunha emenda aos voceiros dos grupos políticos municipais para o Pleno, co texto do acordo unanime aprobado no pleno do Parlamento de Galicia o 27 de setembro de 2022.

- O Sr. Leirós Gude acepta a emenda presentada polo grupo municipal do PP.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (5), BNG (1) e Podemos-Marea da Vila (1), unha abstención do Concelleiro non adscrito (1) e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

1.- Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

- a) Que se rexeite publicamente os ataques que o sector de arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.

b) Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e da economía marítima europea.

c) Que solicite ao Comisario de Medio Ambiente que teña en conta a opinión do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total de flota pesqueira europea.

2.- Dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que:

a) Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.

b) Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar á Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, do 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA MELLORAS NO TRANSPORTE ESCOLAR NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 1 de decembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 15 de novembro de 2022, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA MELLORAS NO TRANSPORTE ESCOLAR NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Xosé Lois Leirós Gude, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

O pasado 8 de setembro iniciou o curso escolar en Galiza, onde centos de estudantes do ensino obrigatorio e postobligatorio do noso concello comezaron as clases. Os primeiros días caracterizáronse por unha disfunción do transporte do alumnado que ten garantido o servizo pola Consellería de Educación, producíndose retrasos na recollida do alumnado aos seus domicilios que tiveron repercusión nos medios.

O alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos dos IES do Carril e Armando Cotarelo Valledor, etapas de ensino postobligatorio e, polo tanto, sen dereito a transporte gratuíto, estase atopando con enormes dificultades á hora de chegada aos centros educativos ou de partida para os seus fogares como consecuencia da falta de sintonía entre os horarios e frecuencias do transporte urbano e interurbano, e as xornadas escolares.

Esta semana mesmo puidemos comprobar como a ANPA do IES O Carril está recollendo sinaturas para reclamar á empresa de autobuses un servizo de transporte acorde ás necesidades do alumnado, xa que @s estudantes desprazad@s chegan ás aulas cun retraso de entre 5-8 minutos e teñen que saír antes para poder coller o autobús ou ben esperar 25 minutos ata o seguinte, situación que se estende ao alumnado de concellos veciños que fai uso do transporte interurbano.

Unha situación parecida se vén producindo co alumnado de Bacharelato e Ciclos do IES Armando Cotarelo Valledor desde o inicio do curso, ao verse incrementado o número de alumnos e alumnas co traslado de ensinanzas do IES Fermín Bouza Brey; alumnado que solicita saír minutos antes da finalización das clases, para achegarse á parada máis próxima, localizada a uns 300 m do centro educativo.

Esta situación non debería poder alongarse máis no tempo, non só polo prexuízo que ocasiona a

un sector da poboación estudantil, senón que entra en franca contradición co espírito do Plan de Mobilidade Sostible no que este Concello promove o uso dos transportes públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta esta moción para o seu debate polo Pleno, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar ao Concello para que faga as xestións oportunas coa empresa concesionaria de transporte urbano para que adapte frecuencias e horarios que permitan dar unha solución inmediata ao problema do transporte escolar do alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos dos IES O Carril e IES Armando Cotarelo Valledor.

Por petición da voceira do PSG-PSOE, o Sr. Leirós substitúe: Instar ao Concello.., por Instar á Xunta de Galicia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE. BNG e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para melloras no transporte escolar no Concello de Vilagarcía de Arousa, coa modificación indicada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa modificación indicada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e:

1. Instar á Xunta de Galicia para que faga as xestións oportunas coa empresa concesionaria de transporte urbano para que adapte frecuencias e horarios que permitan dar unha solución inmediata ao problema do transporte escolar do alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos dos IES O Carril e IES Armando Cotarelo Valledor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN LABORAL DAS TRABALLADORAS DO SAF DE VILAGARCÍA DE AROUSA E O SEU APOIO Á FOLGA CONVOCADA DESDE INICIOS DE NOVIEMBRE: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 1 de decembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 11 de novembro de 2022, do seguinte teor:

Moción relativa á situación laboral das traballadoras do SAF de Vilagarcía de Arousa e o seu apoio á folga convocada desde inicios de novembro.

Xosé Lois Leirós Gude, voceiro do Grupo Municipal do BNG no concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos

As políticas públicas teñen que ter como prioritario a necesidade de poñer coidados ás persoas e a atención social en primeiro plano, como é o caso do servizo de axuda no fogar (SAF).

O SAF é un servizo de atención primaria que cubre as necesidades básicas da vida diaria de maiores e dependentes, servizos tan necesarios como o aseo, a alimentación, a limpeza, a

medicación, etc.

Un servizo público que a Xunta de Galiza ten transferidos aos concellos, e este a súa vez, como é o caso de Vilagarcía a empresas privadas a través de concursos públicos, que non fan máis que precarizar os servizos e as condicións de traballo das persoas que os prestan.

Por un lado as empresas o que buscan é a rendibilidade do mesmo, e os concellos abaratalos ao máximo para incorrer no menor gasto posible. Binomio que quen o sofre é en primeiro lugar o usuario/a do servizo e en segundo o colectivo de traballadoras, si traballadoras que a maioría son mulleres, con contratos precarios e a tempo parcial con salarios de miseria.

Non é de recibo, e supón unha auténtica barbaridade, que os coidados e a saúde das persoas vulnerables segan a ter unha relación directa cos beneficios das empresas que os prestan.

Este sistema no que as administracións actúan con total desleixo fai que as empresas (patronais) impoñan unhas condicións inasumíbeis para o colectivo de traballadoras, e agora amparadas tamén por CCOO e UGT que acaban de asinar un preacordo para o SAF de Galiza que non garante o mantemento do poder adquisitivo, nin a suba dos salarios de acordo co IPC, nin garantías de revisións salariais durante toda a vixencia do convenio, incorpora unha dobre escala salarial rompendo o de igual traballo igual salario, etc; todo isto vai condenar ao empobrecemento aínda máis durante os próximos 4 anos.

Dende o BNG queremos deixar claro que os recursos e servizos sociais de atención ás persoas teñen que deixar de ser unha actividade residual, socialmente pouco valorizada e con condicións de traballo precarias, para pasar a ser considerado un servizo esencial para a cidadanía a prestar pola administración pública en condicións de calidade asistencial ás persoas e con condicións de traballo dignas e estábeis para o persoal encargado dos coidados.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do BNG Vilagarcía de Arousa somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Manifestar publicamente o apoio á FOLGA indefinida que dende o 2 de novembro están a levar o persoal do SAF de Galiza.
2. Dirixirse á mesa negociadora do convenio galego do SAF para pedirlle a dignificación das condicións laborais, salariais e de saúde laboral de todo o persoal coa aplicación das mesmas condicións para todas as persoas traballadoras do SAF.
3. Participación activa e compromiso do goberno do Concello de Vilagarcía na mellora do servizo do SAF municipal e das condicións das súas traballadoras, pasando por un estudo previo de remunicipalización.

O voceiro do grupo político municipal do BNG suprime o apartado 1 da proposta de acordo da moción, procedéndose a ditaminar a mesma sen o citado apartado.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á situación laboral das traballadoras do SAF.

- Polo voceiro do grupo político municipal do BNG retirase o último parágrafo do punto 3 da proposta de acordo: *pasando por un estudo previo de remunicipalización".

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coas modificacións indicadas, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e:

1. Dirixirse á mesa negociadora do convenio galego do SAF para pedirlle a dignificación das condicións laborais, salariais e de saúde laboral de todo o persoal coa aplicación das mesmas condicións para todas as persoas traballadoras do SAF.

2. Participación activa e compromiso do goberno do Concello de Vilagarcía na mellora do servizo do SAF municipal e das condicións das súas traballadoras.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA O FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DE PATIOS ESCOLARES INCLUSIVOS E COEDUCATIVOS: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 1 de decembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 28 de novembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 28 de novembro de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 24 de novembro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA O FOMENTO E O DESENVOLVEMENTO DE PATIOS ESCOLARES INCLUSIVOS E COEDUCATIVOS

Outro 25N saímos ás rúas para reivindicar máis medidas que nos conduzan á erradicación das violencias machistas nas súas distintas manifestacións. Este ano facémolo tras un rexistro de asasinadas cruento e coa sensación de que a sociedade se concencia e avanza máis rápido do que o fai o propio sistema como o demostra unha nova sentenza patriarcal a unha “manada” fai só unhas semanas. Por elo debemos legislar para protexer pero tamén para transformar o sistema, polo que é necesaria a implantación de medidas estruturais con incidencia principal no ensino.

Partindo de que as escolas son unha das áreas de socialización máis importantes para as nenas e os nenos, é imprescindible reforzar o papel das mesmas e do profesorado a prol da igualdade. Neste senso, a escola debe converterse no principal axente a prol da igualdade, espazo no que se combatan os estereotipos e roles que fomentan a desigualdade de xénero, e no que se traballe no respecto e inclusión da diversidade.

Malia que nos últimos anos se deron avances na introdución da perspectiva de xénero nas escolas e se desenvolveron diversos programas e proxectos de educación en igualdade, resultan insuficientes, esporádicos e moitas veces dependen da vontade da comunidade educativa ou de propostas de institucións concretas.

Un dos aspectos de desigualdade sobre os que se ten reflexionado nos últimos tempos é o que afecta ao uso dos espazos. Neste senso, unha escola verdadeiramente inclusiva e igualitaria require que os espazos, servizos, procesos, materiais e produtos podan ser utilizados por todo o alumnado sen ningún tipo de discriminación e se incorporen as condicións que aseguren a accesibilidade física, cognitiva, sensorial e emocional.

Se falamos dos patios educativos e de recreo, lugar na que as nenas e nenos pasan, de media, unhas 525 horas ao ano, é evidente que o espazo central está ocupado, maioritariamente, polos campos de xogos de pelota, nos que se concentran, maioritariamente, os nenos, deixando ás nenas arrinconadas en lugares secundarios.

Para reequilibrar estes usos diferenciados, están xurdindo diversas iniciativas consistentes na redistribución de zonas nos patios, diferenciando contornas e democratizando o espazo. Deste xeito, en determinados proxectos resérvase unha zona para xogos de pelota, pero tamén outras para outros usos; habílanse zonas verdes e hortos educativos; píntanse no chan 'taboleiros'

para xogos tradicionais como a mariola, o tres en raia, as carreiras de chapas, o fútbol con chapas, o twister ... convertendo o patio nun lugar de lecer pero tamén de aprendizaxe, a través de xogos inclusivos e non excluíntes.

Por outra banda, as novas tecnoloxías e as redes sociais supoñen outro espazo de socialización e ocio para as nosos nenos e nenas cuxa influencia na formación do seu carácter está por determinar, posto que falamos de ferramentas cuxa aparición e democratización son relativamente recentes. Non obstante, como espazos de socialización, reflicten un orde baseado no sistema imperante, polo que se arrastran as mesmas dinámicas de socialización, estereotipos e discriminacións incluídas. Ante esta nova maneira de relacionarse e o aceso cada vez máis temperá ás mesmas, é preciso establecer parámetros que fomenten dinámicas positivas e favorecer a capacidade das familias e dos e das menores para detectar comportamentos discriminatorios e condutas negativas que as veces pasan desapercibidas pola distorsión que deriva do uso destas ferramentas, incluso no caso das persoas adultas. Neste senso, debemos traballar dende as institucións para facilitarlle ás menores e ás familias (que na súa maioría descoñecen o riscos derivados desta primeira inmersión nas redes sociais) os medios que as protexan nos seus primeiros pasos nas novas tecnoloxías e no mundo das redes sociais, incluíndo a perspectiva feminista tan necesaria para prever que as nenas se atopen en situación de vulnerabilidade, fomentando ademais o uso responsable das mesmas e evitando que as novas tecnoloxías se convertan nunha ferramenta habitual de “bullying”. Somos conscientes de que a sociedade se forma a pequena escala en cada aula e a concienciación dende as primeiras idades é fundamental, tanto para prever como para identificar estas ou outras problemáticas.

Ante esta situación, e conscientes da importancia de traballar dende o ensino para a transformación social cara a igualdade, este ano, a campaña “en Negro contra as violencias” promovida en moitos concellos de Galicia, pon o seu foco na educación. Para contribuír dende Vilagarcía a que as nosas escolas sexan axentes principais en prol da igualdade que combatan a desigualdade de xénero e que traballen no respecto e inclusión da diversidade, instamos ao concello a adoptar os seguintes

ACORDOS:

- Colaborar no fomento dun plan de patios escolares inclusivos e coeducativos a prol da igualdade de xeito que se aposte por xogos que promovan a convivencia, a inclusión e un uso dos espazos igualitario.

- Diseñar, cos fondos procedentes do “Pacto de Estado contra as Violencias machistas” (sempre que as condicións da nova asignación o permita), unha campaña (en colaboración coas ANPAS e colectivos feministas), para o uso responsable e con perspectiva feminista das novas tecnoloxías e as redes sociais enfocada ás menores, ANPAS, familias e persoal educativo. Fomentar a mesma tanto nos centros de ensino como espazos frecuentados por nenos e nenas e a mocidade, como poden ser bibliotecas, instalacións deportivas..., facilitando así a implantación transversal da mesma.

- Instar á Xunta a dotar de fondos aos centros escolares para garantir a existencia deste tipo de espazos coeducativos e de ferramentas que permitan traballar en prol da igualdade, do respecto e da inclusión.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para o fomento e desenvolvemento de patios escolares inclusivos e coeducativos.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coas modificacións indicadas, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21)

ACÓRDASE: Aprobación da moción presentada polo grupo municipal de Podemos-Marea da Vila e:

- Colaborar no fomento dun plan de patios escolares inclusivos e coeducativos a prol da igualdade de xeito que se aposte por xogos que promovan a convivencia, a inclusión e un uso dos espazos igualitario.
- Diseñar, cos fondos procedentes do “Pacto de Estado contra as Violencias machistas” (sempre que as condicións da nova asignación o permita), unha campaña (en colaboración coas ANPAS e colectivos feministas), para o uso responsable e con perspectiva feminista das novas tecnoloxías e as redes sociais enfocada ás menores, ANPAS, familias e persoal educativo. Fomentar a mesma tanto nos centros de ensino como espazos frecuentados por nenos e nenas e a mocidade, como poden ser bibliotecas, instalacións deportivas..., facilitando así a implantación transversal da mesma.
- Instar á Xunta a dotar de fondos aos centros escolares para garantir a existencia deste tipo de espazos coeducativos e de ferramentas que permitan traballar en prol da igualdade, do respecto e da inclusión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA O ARRANXO DA RÚA SOUTO DE ARRIBA EN CASTROAGUDÍN:

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 1 de decembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data 20 de novembro de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 1 de decembro de 2022 a seguinte:

MOCIÓN PARA O ARRANXO DA RÚA SOUTO DE ARRIBA EN CASTROAGUDÍN EXPOÑEN

Veciños da parroquia de Castrogudín levan tempo solicitando ao Concello de Vilagarcía o arranxo da Rúa Souto de Arriba, un vial de titularidade municipal que presenta un estado de notable deterioro con risco de derrubamento nalgún dos seus puntos e cun ancho insuficiente para o acceso de vehículos ás vivendas.

O que demandan é unha actuación municipal co obxectivo de facilitar o acceso rodado polos usuarios do mesmo e que implique 1) o arranxo deste vial, 2) a ampliación do seu ancho e 3) a construción dun muro de contención no seu primeiro tramo. Para deste xeito mellorar notablemente a seguridade viaria neste punto e facilitar tanto o acceso como o uso do mesmo aos veciños.

Un dos veciños afectados manifesta o seu compromiso de ceder gratuitamente ao Concello os terreos necesarios para levar a cabo esta actuación e que son da súa propiedade.

Dáse a particularidade ademais de que esta rúa se atopa nas proximidades dunha das zonas de monte que se veu afectada polo gran incendio que produciu o pasado mes de agosto de 2022. Polo que a utilización deste vial por parte dos servizos de emerxencia é vital para sufocar as chamas e evitar que o lume se estenda ás vivendas da parroquia de Castrogudín.

Nesta última ocasión, os vehículos de emerxencias accederon con gran dificultade e con risco de caída ao terraplén polo seu mal estado e a súa estreiteza. Noutros casos directamente non puideron acceder, provocando que non se puidera controlar o lume nesa zona pegada ás vivendas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao Concello de Vilagarcía a incluír nos Orzamentos de 2023 unha partida económica para executar os traballos de arranxo, ampliación e construción dun muro de contención na Rúa Souto de Arriba de Castrogudín.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP. BNG, Vilagarcía en Común e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para o arranxo da Rúa Souto de Arriba en Castrogudín.

- Ausentase o Sr. Mouriño Santiago.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP e incluír nos Orzamentos de 2023 unha partida económica para executar os traballos de arranxo, ampliación e construción dun muro de contención na Rúa Souto de Arriba de Castrogudín

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- COMPARECENCIA, A PETICIÓN PROPIA, DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN, D. ARGIMIRO SERÉN MERA, SOBRE O TRANSPORTE ESCOLAR AO IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR.

- Incorporase o Sr. Mouriño Santiago.

Dáse conta do acordo do Pleno Ordinario de data 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado polo Concelleiro de Educación, D. Argimiro Serén Mera, coa data de 19 de outubro de 2022, de solicitude de comparecencia a petición propia no Pleno Ordinario, para intervir sobre a situación do transporte escolar da comunidade educativa do IES Armando Cotarelo Valledor.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a comparecencia, a petición propia, no próximo pleno ordinario de D. Argimiro Serén Mera sobre o transporte escolar ao IES Armando Cotarelo Valledor.

- A continuación comparece D. Argimiro Serén Mera.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- COMPARECENCIA, POR PETICIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, DE

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES, EN CALIDADE DE CONCELEIRA DE URBANISMO, SOBRE OS PROBLEMAS PRODUCIDOS NA REDE DE SANEAMENTO, DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARCEBISPO LAGO”.

Dáse conta do acordo do Pleno ordinario de 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado polo grupo político municipal do PP coa data de 18 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de outubro de 2022 a seguinte:

Solicitude de comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de concelleira de Urbanismo, sobre os problemas producidos na rede de saneamento durante a execución da obra “Humanización da rúa Arcebispo Lago”

EXPOÑEN

Ao longo dos últimos meses, desde o inicio dos traballos de execución da obra “Humanización da rúa Arcebispo Lago”, a veciñanza desta rúa vén manifestando queixas por atascos na rede de saneamento e malos olores nos edificios. De feito, foi precisa en varias ocasións a actuación dun camión para proceder a desatascala.

Recentemente fíxose público que a orixe deste problema é que unha das fontes contempladas no proxecto foi situada enriba dun pozo de rexistro. Polo que foi preciso romper o formigón para redescubrir ese pozo e abrílo para poder acceder á rede de saneamento.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía

SOLICITA

A comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de concelleira de Urbanismo, para responder ás seguintes preguntas en relación aos problemas producidos na rede de saneamento durante a execución da obra “Humanización da rúa Arcebispo Lago”:

1. Ao longo do proceso de redacción e execución deste proxecto elaborouse algún informe ou estudo sobre o estado da rede de saneamento ao longo da rúa Arcebispo Lago?

2. En caso afirmativo, cales son as conclusións dese informe ou estudo?

3 En caso negativo, por que non se fixo ese informe ou estudo tendo en conta a posible afectación dos traballos previstos no proxecto á rede de saneamento?

4 Estaba previsto no proxecto a renovación da rede de saneamento que transcorre ao longo da rúa Arcebispo Lago?

5 En caso afirmativo, por que non se levou a cabo esa renovación?

6 En caso negativo, por que non estaba contemplada esa renovación?

7 A renovación das tubaxes existentes vai requirir a elaboración dun proxecto modificado e/o un aumento do custo do proxecto?

8 Por que se decidiu situar unha fonte na intersección entre Arcebispo Lago e Praza de Galicia cando unha vez feito o replanteo se constata que esta actuación vai a supoñer que un pozo de rexistro quede cego e non se poda acceder a el en caso de atasco na rede de saneamento?

9 Cales foron as actuacións levadas a cabo e cales son as actuacións previstas a continuación para solucionar este problema?

10 A mediados de setembro atopáronse na esquina entre Arcebispo Lago e Brandariz os restos dunha antiga canalización de pedra e, tal e como se publicou, o arquitecto redactor do proxecto foi o encargado de realizar a inspección e tomar a decisión de continuar os traballos. Cales son exactamente as características dos restos atopados? Con base en que criterio tomouse a decisión de continuar os traballos?

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes de tódolos grupos políticos municipais e Concelleiro non adscrito informan favorablemente a comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo, sobre os problemas producidos na rede de saneamento durante a

execución da obra “Humanización da Rúa Arcebispo Lago”.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a comparecencia no próximo pleno ordinario de Dona Paola Maria Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo, sobre os problemas producidos na rede de saneamento durante a execución da obra “Humanización da Rúa Arcebispo Lago”.

- A continuación comparece Dona Paola María Mochales e responde ás preguntas formuladas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

1) Polos Sres/as. Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

2) Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221201&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:15, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.